

Ola familias!

Infórmovos dos contidos que estamos traballando en clase para que de xeito natural sexan reforzados na casa, aproveitando calquera momento do día.

Ciencias da Natureza. - As plantas e a vexetación.

Conceptos básicos: Definición de planta. Definición de vexetación. Por que son seres vivos?. Que necesita unha planta? Partes dunha planta. Plantas silvestres e plantas cultivadas. En Galiza temos moitas plantas. Aprendemos nomes de plantas. Características dos diferentes tipos de plantas: herbas, arbustos e árboles. Identifica alimentos de orixen vexetal. Uso medicinal das plantas.

Importancia vital das plantas para o planeta.

Ciencias Sociais. - As viaxes e os medios de transporte. Os medios de comunicación

Conceptos básicos: Que é un medio de transporte. Por que son necesarios?. Os transportes de mercadorías. Diferentes medios de transporte. Reflexión sobre onde accedemos a cada medio de transporte: a estación de tren o aeroporto, a estación de bus, o porto de embarque.. Comunicámonos coas demais persoas. Formas de comunicarse. Os medios de comunicación. Comunicación individual e comunicación de masas.

Lingua Castelá e lingua Galega. - Vocabulario variado sobre animais e plantas. Diferenciamos o tempo presente do tempo pasado a través das accións. Introducimos o concepto de verbo como palabra que expresa acción. Interiorizamos a regra ortográfica ce-ci, que-qui, güe-güi. Creamos grupos nominais: "O coche vermello, a casa grande, a rúa estreita.." para chegar ao concepto de adxectivo.

Descubrimos físicamente ás persoas. Introducimos a descrición psíquica.

Comprensión de textos. Localizamos información nun texto. Traballamos con textos cercanos.

Matemáticas. - Medidas naturais: o palmo e o pé. Medidas de lonxitude e masa. O centímetro, o metro e o km (como medida de distancias entre as vilas..) O kg e o gramo. Medimos e pesamos cousas. Avanzamos na numeración.

A suma levando: se o resultado de sumar as unidades é superior a 10, levamos o número 1 para a fila das decenas. Resolvemos problemas sinxelos.

Números pares e impares, cálculo mental con decenas (30+40, 50-30, 60+20...)

Anterior e seguinte. Comparar, descompoñer e ordenar números. Descubrir relación de igualdade. Resolver restas contando a partir do sustraendo.

Un saúdo

Eugenia